

## **ANUNCIO: ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS MAGOS 2017**

O pasado 9 de novembro, o presidente do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en diante, IMCE) adoptou, entre outros, o seguinte acordo: "(...)Aprobar o expediente de contratación anticipada do aluguer de carrozas para a cabalgata de Reis Magos 2017, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato, e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade con publicación no perfil do contratante e mediante tramitación urxente (...).

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, preséntanse á adxudicación os seguintes licitadores:

- VS1 Producción Creativa, SL, con CIF B-70334412.
- Axiña Servicios Deportivos, SL, con CIF B-15835721.

Tras comprobar a documentación administrativa presentada, encoméndase ao director do Coliseum que valore se as ofertas cumpren as prescricións técnicas e valore os criterios 2 e 3, que dependen dun xuízo de valor, establecidos na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato. A Mesa, por unanimidade, ratifica o informe, e outorga as seguintes puntuacións:

<b>Criterio</b>	<b>Axiña Servicios Deportivos SL</b>	<b>VS1 Producción Creativa SL</b>
<b>2.A (características estéticas)</b>	3,80	1,90
<b>2. B otras características de diseño</b>	1,95	0,65
<b>2. C características técnicas de las carrozas</b>	3,00	0,00
<b>Total criterio 2</b>	<b>8,75</b>	<b>2,55</b>
<b>3 mejoras</b>	0,40	0,00
<b>Total criterios 2 e 3</b>	<b>9,15</b>	<b>2,55</b>

No que respecta ao criterio 2 subcriterio A acorda, tal como se estableceu no Prego, remitir o expediente á Comisión negociadora do procedemento para que negocie os aspectos contidos nos apartados 1 a 4 do mesmo na procura da mellora das ofertas.

A Comisión estuda as ofertas técnicas e comunícalles as cuestións a mellorar aos licitadores.

Os dous representantes das empresas manifestan que os prazos son moi axustados e que é moi difícil realizar modificacións das ofertas.

A Comisión lles facilita un prazo de 48 horas para a presentación das modificacións das súas ofertas.

Axiña Servicios Deportivos, SL presentou o 12 de decembro unha oferta final e VS1 Producción Creativa SL non presenta oferta final.

A Comisión negociadora mantivo a puntuación outorgada pola Mesa de Contratación aos puntos 1 a 4 do apartado A) do criterio 2 da cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras da licitación.

O día 14 de decembro procédese pola Mesa de Contratación á apertura, en acto público, das ofertas económicas, e á lectura das mesmas, que ascenden a (IVE non incluído):

Vs1 Producción Creativa, SL: 55.900,00 €  
Axiña Servicios Deportivos, SL: 54.500,00 €

A Mesa procede a comprobar que as ofertas presentadas axústanse ao modelo descrito no prego de cláusulas administrativas regulador da licitación e que os prezos non superan os máximos establecidos no citado prego. Tamén comprobamos que as ofertas son moi próximas economicamente, polo que descartamos que esten incursas en baixa desproporcionada ou temeraria.

Tendo en conta as ofertas económicas, a de menor importe é a presentada por Axiña Servicios Deportivos, SL, polo que obtén a máxima puntuación neste apartado, 15 puntos. A puntuación outorgada a Vs1 Producción Creativa, SL, unha vez aplicada a fórmula establecida no Prego, é de 14,62 puntos.

Polo tanto, as puntuacións finais de ambas empresas son as que seguen:

Axiña Servicios Deportivos, SL:  $9,15 + 15 = 24,15$  puntos.  
Vs1 Producción Creativa, SL:  $2,55 + 14,62 = 17,17$  puntos.

Á vista dos resultados, a Mesa acorda por unanimidade requirir a Axiña Servicios Deportivos, SL, a documentación xustificativa de que reúne as condicións esixidas legalmente para contratar coa Administración, reseñada na cláusula 13 do prego de prescricións administrativas, así como a xustificación de constituir a garantía definitiva establecida na cláusula 10, que debe ascender a 5.450,00 €, por ser a súa oferta a máis vantaxosa.

Visto o cal, o Presidente do IMCE, en data 16 de decembro de 2016, en base ao acordo da Mesa de Contratación, resolveu: "Requirir a **Axiña Servicios Deportivos, SL**, con CIF B-15835721, por ser a súa oferta a economicamente máis vantaxosa na licitación para a contratación anticipada do aluguer de carrozas para a cabalgata de Reis Magos 2017, para que, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de constituír as garantías definitivas establecidas na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares, que ascende a 5.450,00 €, así como a documentación xustificativa de que

reúne as condicións esixidas legalmente para contratar coa Administración, segundo a cláusula 13.1 do citado prego, como trámite previo á adxudicación do contrato, de acordo co art. 151.2 da citada lei. A realización do gasto queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da adquisición do compromiso de gasto, e o expediente de gasto condiciónase a que, ao ditarse o acordo de autorización do compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos devanditos actos.”

A entidade presentou a documentación solicitada no prazo facilitado ao efecto.

O día de hoxe, o presidente do IMCE adoptou o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO.** - Adxudicar o contrato do aluguer de carrozas para a cabalgata de Reis Magos 2017 a ***Axiña Servicios Deportivos, SL***, con CIF B-15835721, por ser a súa oferta a economicamente máis vantaxosa (a que incorpora a mellor oferta no conxunto de criterios), con estrita suxeición ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que o regulan e o consignado na súa proposición, por un importe de 65.945,00 €, IVE incluído.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo aos licitadores e publicalo no perfil de contratante do órgano de contratación.”

Esta resolución é definitiva en vía administrativa, e contra a mesma poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o presidente do IMCE, regulado no art. 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cuxo prazo de interposición é un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación do acto.

Contra a resolución do recurso potestativo de reposición só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo desta cidade. O prazo para a súa interposición será de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fóra expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto.

A Coruña, 2 de xaneiro de 2017

O Secretario, PD,

Ana María Canosa Camiselle  
Técnico de Administración do IMCE